

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

Artigo 1º Obxecto

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41.b do Texto Refundido da Lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola realización de actividades culturais e deportivas organizadas polo Concello de Cedeira non suxeitas a outra taxa ou prezo público.

Artigo 2º Obrigados/as ó pagamento

Están obrigados ao pagamento as persoas usuarias das actividades culturais e deportivas obxecto da presente ordenanza.

Se o usuario carecera da capacidade de obrar, dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou ostente a condición de gardador.

Artigo 3º Tarifas

O prezo público establécese en función das seguintes tarifas:

<i>Concepto</i>	<i>Tarifa</i>
Curso de piragüismo	10,00 €
Rutas de senderismo e similares	5,00 €
Outras actividades, por día	10,00 €

Artigo 4º Obriga do pagamento

A obriga do pagamento do prezo público iníciase coa prestación do servizo deportivo ou cultural obxecto da presente ordenanza. No obstante, esixirase o depósito previo do seu importe nas entidades bancarias que sinale o Concello, e sempre antes de iniciar a actividade.

Únicamente procederá a devolución do importe aboado, a solicitude do interesado, cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento, non se preste o servizo ou se realice a actividade.

No caso de existir varias solicitudes para a mesma actividade daráse preferencia aos empadroados no Concello de Cedeira.

Artigo 7º Exencións

Non se prevén exencións nin bonificacións na presente Ordenanza, agás as previstas expresamente en normas de rango legal.

Disposición final

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez transcorridos quince días dende a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.